

# ENTROIDO Melide 2020

## Bases Concurso de disfraces



### INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN:

#### LUGAR E PRAZO:

Poderán participar todas aquellas persoas que realicen a súa inscrición no Departamento de Cultura do Concello de Melide segundo ficha normalizada até ás 14.00 h do día 25 de febreiro de 2020. Tamén poderán inscribirse antes do inicio do concurso no Cantón de San Roque ou no caso de choiva no pazo de congresos e exposicións en horario de 16.30 a 17.00 h.

#### MÚSICA:

Os participantes no concurso deberán entregar no momento da inscrición a música en formato CD ou memoria USB con indicación do nome do tema e o seu autor/a.

Os que se inscriban no mesmo día do concurso non poderán escoller a música para o pase polo escenario.

#### ITINERARIO:

16:30 h: recepción de participantes (cantón de San Roque)

17:30 h: desfile (saída do cantón de San Roque)

18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

\* No caso de choiva:

17:30 h: recepción de participantes (pazo de congresos) 18:30 h: concurso de disfraces (pazo de congresos)

### PREMIOS

**COMPARSAS** (+ de 8 persoas): 1º premio: **1.000 €**, 2º premio: **700 €**

\*Os menores de idade non poderán participar na categoría de individuais e parellas se non van emparellados cun adulto.

**GRUPOS** (3-8 persoas): 1º premio: **400 €**, 2º premio: **300 €**

**INDIVIDUAIS e PARELLAS**: 1º premio: **150 €**, 2º premio: **100 €**

O pago dos premios poderase facer de dúas maneiras:

1º) De maneira global. Neste caso, todos os membros do grupo/comparsa autorizarán a unha única persoa para que cobre a totalidade do premio.

2º) De forma individual. Neste caso, cada participante deberá presentar fotocopia do DNI e xustificante do número de conta con indicación do IBAN.

No caso de presentarse como asociación, esta deberá presentar acta da xunta directiva, fotocopia do CIF e conta bancaria con indicación de IBAN.

A documentación para o pago dos premios deberá presentarse no Concello de Melide no prazo de 15 días laborais desde a resolución do concurso.

Ás contías de cada premio aplicárselles a retención fiscal correspondente.

No caso de ser menor de idade, o pago do premio efectuarase ao seu tutor /a legal.

#### XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O xurado será nomeado por decreto de Alcaldía e estará formado por membros de diversas asociacións e entidades deste Concello ou persoas vinculadas ao mundo da cultura e tradicións.

A decisión do xurado realizarase ao remate do concurso. Este terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións en cada unha das categorías mais deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, orixinalidade dos disfraces, vestuario e maquillaxe, coreografía e música, traballo feito a man e posta en escena.

A resolución será inapelábel e os premios poderanse declarar desertos se o xurado o considera oportuno.

A decisión do xurado será plasmada nunha acta redactada para tal efecto con indicación dos gañadores/as e dos seus datos por cada modalidade.

A decisión do xurado deberá ratificarse por decreto de Alcaldía, órgano competente para o recoñecemento das obrigas que se deriven para o Concello.